

Colección: Fondo: Lois Tobío no seu arquivo persoal

Ficha documental da epistola de Manuel Meilán Martínez, a Lois Tobío Fernández do 11/08/1965

Colección:

Data: 11/08/1965

De:

Manuel Meilán Martínez;

Para:

Lois Tobío Fernández;

Orixe:

Abella 2124, ap. 2 (de enderezo), Montevideo (local), Montevideo (departamental)

Destino:

General Moscardó, 10, 2ªA (de enderezo), Madrid (local), Madrid (provincial)

Ficha descriptiva:

[Carta mecanografada, con sinatura autógrafa e con membrete: SEMPRE EN GALICIA. AUDICIÓN RADIAL. Como anexo hai un texto coas Bases do Concurso Literario - Premio Banco de Galicia (tamén co membrete de SEMPRE EN GALICIA), ao que se fai referencia na carta].

Notas do editor:

A carta ten membrete do programa radial galego-uruguaio "Sempre en Galicia" co que colaborara moitos anos Lois Tobío:
SEMPRE EN GALICIA

AUDICIÓN RADIAL

MERCEDES 973



[VER O DOCUMENTO ORIXINAL](#)

Transcripción da epistola de Manuel Meilán Martínez, a Lois Tobío Fernández do 11/08/1965

SEMPRE EN GALICIA
AUDICIÓN RADIAL
MERCEDES 973

Montevideo, agosto 11 do 1.965

Siñor Don:
Luís Tobío Fernández
MADRID.- (España)

Ben querido Tobío:

O día 3 do próisimo setembro, "Sempre en Galicia" cumpre QUINCE anos.- ¡Parece que foi onte! ¿verdad? .- Pra festexar o acontecemento ocurríusenos chamar a un concurso literario, como lle informan as bases adxuntas.- O premio e moi cativo; eu digo que e máis simbólico que real, pero dentro das nosas posibilidades económicas, que vosté coñece ben.- Por outra banda, a pesare de pedilo, nonos deron máis.- E temos que conformarnos, pensando que os amigos que nos fagan o honor de nos mandar algún traballo, faranno tendo en conta a nosa modestia.- Estámoslle mandando a algúns inteleituales galegos de Galicia e fora de ela, como eisí tamén aos xornaes galegos.- Penso que algún nos acompañará nesta xeira patreóteca.- Si eisí non fora, doeríanos, dende logo, pero teríamos pacencia.-

E moito pedirlle unha nota eitorial pra leela nunha das audiciós que adicaremos a festexar o acontecemento? - Si vosté tivera ou contara cun grabador, sentiríame contento e feliz de pasala coa sua viva voz.- Si así fora, pode mandala a Radio Carve, a dirección que vai enriba.- Creo que "Iberia" transportaas.-

Afectuosos saudos pra sua dona e fillos, e pra vosté un aperta agarimosa
Meilán [sinatura autógrafa]

s/c.- ABELLA nº 2124.- Ap. 2.-

[na esquina inferior dereita hai manuscrita unha nota:] cont. 6-IX-65

SEMPRE EN GALICIA
AUDICIÓN RADIAL
MERCEDES 973

CONCURSO LITERARIO - PREMIO BANCO DE GALICIA

A AUDICION "SEMPRE EN GALICIA" EN CONMEMORACION DO 15º ANIVERSARIO DA SUA FUNDACION E CÓ PATROCINIO DO BANCO DE GALICIA DE MONTEVIDEO, CONVOCA A UN

CONCURSO LITERARIO A REXIRXE POL-AS BASES SEGUINTES:

1º A audición "SEMPRE EN GALICIA" convoca a un certame literario encol do tema: "A PERSOALIDADE DE GALICIA NA EUROPA OUCIDENTAL".

2º Poderán participar nél persoas de calquer nacionalidade residentes ou non no Uruguai.

3º Os traballos deberán estar redaitados en idioma galego, non estabrecéndose limitación en canto a extensión.

4º O prazo de presentación dos mesmos finará o 31 de Nadal do 1965.

5º Os traballos deberán presentarse en tres exemplares, escritos a máquina, a dobre espacio, somentes por unha cara; sen nome do autor nin outra referencia e precedidos d'un lema. Este mesmo lema figurará no exterior d'un sobre pechado dentro do que se incluirá una tarxeta có nome e dirección do autor. Os tres exemplares acompañados do sobre, entregaranse ou remitiranse baixo priego lacrado ó BANCO DE GALICIA, 25 de Mayo Nº 471, Montevideo.

6º O xurado calificador estará composto por un membro de SEMPRE EN GALICIA; un membro do PATRONATO DA CULTURA GALEGA; un delegado do BANCO DE GALICIA e un intelectual galego desinado a este efecto.

7º O xurado calificador dará o seu fallo por maioría de votos no decorrer do mes seguinte a data de pechamento do prazo de presentación dos traballos. o fallo será publicado inmediatamente.

8º Pra premiar o traballo mais sobresainte a xucio do xurado, institúese o premio BANCO DE GALICIA por un importe de \$ 3.000,00 m. n.

9º O fallo do xurado será inapelable.

10º O traballo premiado ficará en propiedade de SEMPRE EN GALICIA reservándose ésta os dereitos de publicación.

11º O envío dos traballos para este certame imprica pol-a parte dos autores, coñecemento e conformidade con estas bases e regramentacions.

Aviso legal do Consello da Cultura Galega

A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.

De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.

O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.

Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":

A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.

A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.

Consultas e colaboracións:

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en epistolarios@consellodacultura.gal ou no teléfono 981957208.